

FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (coord.) (2013) *Estudios sobre Pablo Iglesias y su tiempo*. A Coruña, Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 287 pp.

María-Asunción López-Arranz

Universidade da Coruña, Departamento de Dereito Público Especial, Facultade de Ciencias do Traballo,
Esteiro, 15471 Ferrol, España
<a.larranz@udc.gal>

Recibido: 30/06/2016

Aceptado: 28/07/2016

1. A xénese deste libro atópase no congreso «Pablo Iglesias no seu tempo. Cen anos de socialismo parlamentario», que tivo lugar entre os días 24 e 26 de novembro de 2010 en Ferrol, cidade de nacemento do homenaxeado, no centenario da súa obtención da acta de deputado no Parlamento español. Nel debateron sobre a figura do insigne político e sindicalista importantes investigadores, cuxas intervencións recolle o volume coordinado pola profesora Carmen Fernández Casanova, que achegaron unha nova visión tanto da súa vida persoal como da súa toma de conciencia no marco da loita obreira e o seu discurso social.

2. A obra artículase en catro bloques temáticos en que os diversos autores van achegándonos a distintos aspectos dunha época vivida polo protagonista, mantendo un elegante e concienciado relato da súa existencia e as súas ideas, así como da realidade social dunha etapa de gran relevancia na historia de España, Galicia e, máis concretamente, Ferrol.

a) O primeiro bloque temático, *Pablo Iglesias en su ciudad natal: nacer y vivir en una ciudad de provincias*, consta de dous traballos, un da propia Carmen Fernández Casanova, «Sociedad y trabajo en Ferrol (1850-1900): la huella de Pablo Iglesias»; e outro de Narciso de Gabriel Fernández, «Escolarización e alfabetización en Ferrol (1860-1940)».

No primeiro, en que se describe a sociedade do Ferrol da época, reflíctense tanto a desigualdade como a disociación espacial entre as distintas clases sociais, facendo fincapé nas vicisitudes do día a día da clase traballadora ferrolá. Tamén se refire a

resposta ás duras condicións de vida dos traballadores a través das protestas obreiras e os movementos reivindicativos, algo que para sempre irá unido á figura de Pablo Iglesias como líder político sindical.

No segundo, en que se nos relatan a infancia e os primeiros estudos do neno Pablo Iglesias, analízase o fenómeno do analfabetismo na altura, con base na comparación de datos exhaustivos da situación en España, Galicia e Ferrol.

b) O bloque segundo titúlase *Las vivencias de Pablo Iglesias: la cuestión social* e está composto polos capítulos de Jorge Uría González, «Infancia, beneficencia y discursos biográficos»; Ángeles Barrio Alonso, «Pobreza y familia obrera: condiciones de vida y oferta de trabajo»; e Mary Nash, «Trabajos invisibles y el difícil reconocimiento de las mujeres trabajadoras en los medios socialistas».

No primeiro queda patente que a infancia e a primeira mocidade de Pablo Iglesias foron as dun hospiciano máis da segunda metade do século XIX. Analízase o dano sufrido pola separación da súa nai en Madrid e o seu ingreso no hospicio, e constátase a súa capacidade de aprendizaxe, pois alí acabaría os seus estudos primarios e de tipografía. Na seguinte investigación estúdanse as súas primeiras experiencias xuvenís en Madrid. Sinálase como a obriga de traballar para gañar a vida – neste caso nunha imprenta – vai forxando o carácter dun Pablo Iglesias mozo que vai perdendo o seu retraemento inicial a través da participación activa na vida social. A partir deste momento, reflíctese a traxectoria que vai conformar os seus valores e definir as súas expectativas como obreiro consciente curtido na reivindicación de dereitos e da mellora das condicións de traballo, algo do que deixa proba nas súas primeiras reflexións sobre as orixes e as causas da loita de clases.

Así mesmo, no último capítulo deste bloque recóllese de forma clara e realista o pensamento de Pablo Iglesias sobre os problemas da muller traballadora, que escaso interese suscitaron na práctica socialista. Malia algunhas denuncias sobre a escravitude a que se vían sometidas as mulleres co fin de reclamar para elas dereitos laborais ou certa independencia económica, como se apunta, a solidariedade de clase non sempre significou un compromiso coa igualdade de feito.

c) O bloque terceiro, *La consolidación del liderazgo de Pablo Iglesias. El modelo sindical*, contén os relatorios de Santiago Castillo, «De la imprenta al Parlamento: ¿un liderazgo impositivo? Pablo Iglesias, 1870-1910»; Manuel Pérez Ledesma, «Las

múltiples caras del liderazgo de Pablo Iglesias»; e M. Ralle, «Disciplinar la huelga: Iglesias y la “defensa económica”, ¿no solo un modelo sindical?».

Neste bloque débátese rigorosamente sobre o papel como líder da loita obreira de Pablo Iglesias, que pasou por etapas altas e baixas, as cales se narran cronoloxicamente, desde os seus inicios á súa consolidación, a súa mitificación e finalmente a súa perda de poder efectivo sobre o partido e o sindicato. Igualmente, estúdase a difícil compatibilidade entre as posicións sindicais e as políticas visibles de Pablo Iglesias, alén de se examinar a temática das folgas e a súa preocupación polos riscos que se corrían nas organizacións obreiras á hora de preparalas e conducilas, pois para os socialistas a folga era unha materia pendente.

d) No bloque cuarto, *El ascenso como político. Pablo Iglesias y los socialistas en la vida política de la Restauración*, Eduardo González Calleja fálanos sobre «El socialismo español ante la violencia política y la revolución (1879-1923)»; e, para finalizar, Santos Juliá Díaz sobre «Los socialistas en el sistema político de la Restauración».

Descríbense de forma sistemática todos os avatares do compromiso político do Partido Socialista, en que a figura de Pablo Iglesias foi adquirindo cada vez maior importancia, que acabou por participar de forma cada vez máis destacada nas grandes revolucións políticas e sociais do primeiro terzo do século XX, fronte un réxime político que tendía a reproducirse sen incorporar ao Estado as clases obreiras e menos aínda as campesiñas. Trátase, daquela, as aspiracións á emancipación da clase obreira por medio dunha radical transformación da sociedade, sobre a cal se sostería outro tipo de estado, e as distintas fases polas que o autor e o socialismo van pasando na súa evolución política.

3. Nesta obra sobre Pablo Iglesias amósasenos a loita dun neno por sobrevivir a un hospicio; dun mozo por formarse, traballar e reivindicar os dereitos dunha clase social marxinada; e dun home por transformar a sociedade en que lle tocou vivir, coa súa participación nas esferas política e sindical. En definitiva, o nacemento e a evolución dun líder e a súa transformación nun mito, alén da intrahistoria de Pablo Iglesias e do socialismo.

Podemos dicir sen lugar a ningunha dúbida que é unha importante obra que nos permite valorar o traballo e o esforzo dun loitador, cunha linguaxe e unha redacción coidadas, ademais, que levan os lectores a mergullarse nesta etapa da nosa historia e a reflexionar sobre a nosa situación política e social actual.